

	IES MARÍA CASARES. <b>Departamento de LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>  <b>Lingua galega 1º ESO</b> PROFESORAS: Perfecta Casás Ferreiro Eva M.ª Sánchez Brañas	<b>1º ESO</b>  2023-2024
--	---	--------------------------------

Segundo o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a materia de Lingua Galega e Literatura de 1º da ESO está composta polos bloques de “as linguas e os seus falantes”, “comunicación”, “educación literaria” e “reflexión sobre a lingua”. Para acadar os contidos e os obxectivos do currículo, empregárase nas aulas como guía o libro de texto da editorial Anaya. Ademais, empregaremos como ferramenta complementaria a aula virtual.

A continuación, e seguindo o currículo establecido polo Decreto 156/2022, preséntase a táboa cos contidos que se reparten nas tres avaliacións, mais que poderán verse alterados segundo a dinámica dos grupos no presente curso 2023-2024.

	<b>CONTIDOS A DESENVOLVER</b>
<b>1ª</b> <b>AVALIACIÓN</b>	<p><b>Bloque 1. As linguas e os seus falantes</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>• Iniciación á reflexión interlingüística.</li> </ul> <p><b>Bloque 2. Comunicación</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>• Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>• Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.</li> <li>• Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes.</li> <li>• Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica.</li> <li>• Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios.</li> <li>• Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.</li> </ul> <p><b>Bloque 3. Educación literaria</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos.</li> <li>• Lectura con perspectiva de xénero</li> <li>• Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.</li> <li>• Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados</li> </ul> <p><b>Bloque 4. Reflexión sobre a lingua</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura.</li> </ul>

## CONTIDOS A DESENVOLVER

### Bloque 1. As linguas e os seus falantes

- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e desculpa.
- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.
- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.

### Bloque 2. Comunicación

- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.

### Bloque 3. Educación literaria

- Lectura guiada. Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Participación activa en actos culturais vinculados co círculo literario e lector.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Lectura con perspectiva de xénero e ambiental

### Bloque 4. Reflexión sobre a lingua

- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados)

2ª  
AVALIACIÓN

	<b>CONTIDOS A DESENVOLVER</b>
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	<p><b>Bloque 1. A lingua e os seus falantes</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>• Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.</li> </ul> <p><b>Bloque 2. Comunicación</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>• Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>• Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.</li> <li>• Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>• Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.</li> <li>• Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>• Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>• Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.</li> </ul> <p><b>Bloque 3. Educación literaria</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura: participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector; e toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>• Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega</li> <li>• Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>• Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.</li> <li>• Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.</li> </ul> <p><b>Bloque 4. Reflexión sobre a lingua</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>• Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia</li> </ul>

En cada avaliación, o alumnado terá que ler un libro dos dous que lles sexan ofertados. Os libros propostos por trimestre son os seguintes, mais pode haber variacións segundo as diferentes casuísticas que poidan xurdir ao longo do curso:

- 1º trimestre: *Tonecho de Rebordechao*, de Breogán Riveiro, ou *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz.
- 2º trimestre: *Os megatoxos e o aprendiz de druída*, de Anxo Fariña, ou *Prohibido casar, papá!*, de Fina Casalderrey.
- 3º trimestre: *Ás de mosca para Anxo*, de Fina Casalderrey, ou *Chamádeme Simbad*, de Francisco Castro.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais dos contidos do curso (1º ex. 30% +2ª ex. 40%)=	70%
Actividades clase/casa	10%
Proba do libro de lectura	10 %
Oralidade	10%
TOTAL DE AVALIACIÓN	100%
<b>NOTA DO CURSO</b>	
Media ponderada: $NOTA\ 1^a\ AV + 2(NOTA\ 2^a\ AV) + 3(NOTA\ 3^a\ AV) / 6 = NOTA\ MEDIA\ XUÑO$	

## OBSERVACIÓNS

- Nas probas e actividades escritas non se avalían só os contidos, terase, tamén, en conta a presentación e a corrección na expresión: por cada erro de acentuación, de ortografía, de léxico, de redacción..., descóntase 0,1, ata un máximo de 1 punto de desconto.
- De se detectar que nun traballo ou nun exame, empréganse métodos fraudulentos, a cualificación será de 0.
- Non se avalían traballos/actividades presentados fóra de prazo.
- Se un alumno non puidese asistir a unha proba, tras xustificar debidamente a súa ausencia, poderá facer a proba na semana da súa incorporación ás clases.
- Para aprobar a avaliación e o curso, é necesario obter un 5. A partir do cinco, a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas. Por ex. 5,6= 6.
- Ao final de curso, haberá un exame global para subir nota; ese exame contará un 70%, o 30% restante obterase da nota obtida no curso.